



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

OS DEREITOS deben ser tamén..... UN OBXETIVO

Vigo, 03/03/2011

Despois de poder ler en distintas follas e artigos de periódicos que nesta Planta se asinan Acordos para o mantemento do emprego e non sufrir os efectos desta crise, a nós quédanos a dúbida ao observar como cando estes afectan os dereitos sociais dos traballadores/as son, con frecuencia, vulnerados.

Dicimos isto, por que non entendemos que no documento máis importante nas Relacións Laborais, como é o Convenio Colectivo, a Dirección, unilateralmente, incumprira o artigo referente á Contratación Indefinida, pospoñendo para, en principio, o mes de abril ditas contratacións. ¿En que apoios se asenta esta decisión da Dirección?. ¿Onde está escrito que para pasar a ser indefinido haxa que ter un Contrato Relevo?. ¿Non temos 900 compañeiros/as eventuais? Por estas accións, dende a C.I.G. non podemos máis que estar en desacordo con esta vulneración do Convenio Colectivo.

Se a Dirección se escusara en que non ten o suficiente número de persoas con contrato relevo, ¿qué fará se queda suprimida a Xubilación Parcial, tal e como está estipulado na nova reforma das pensións?, ¿xa non haberá contratación indefinida?. Non hai tantos anos non facía falla ter ningún tipo de contrato específico para poder acceder a unha situación estable nesta fábrica, só con estar na empresa chegaba.

Se agora que se abriu a Xubilación Parcial, xa que hai boas perspectivas de cara ó futuro, ¿porqué non se trata a **cláusula de variabilidade**?. A C.I.G., apesares de quedar fóra da Comisión de Emprego, porque así o acordaron os asinantes do Convenio, segue esixindo que se chegue a un compromiso de caducidade da Cláusula de Variabilidade. A nós non nos serve o argumento da Dirección de que non hai o número suficiente de contratos flexibles; para a C.I.G. hai flexibilidade en exceso, vexamos:

Flexibilidade no Taller a 30/09/2010:

Contratos Tempo Completo	Contratos Flexibles		Total	% de Flexibilidade
	Indefinidos	Eventuais		
2422	2201	1449	6072	60,11

Hai que respectar o pactado, por iso dende a C.I.G. esiximos que se reabran as Novacións de Contrato de 4 a 8 horas, e non se espere ó 2012, coma pretende a Dirección. Non é xusto que os traballadores/as que miraron coma se truncaban as súas esperanzas hai dous anos, cando tamén de forma unilateral a Dirección suprimiu a Xubilación Parcial e por conseguinte as Novacións, agora teñan que esperar outro ano máis (os/as que quedaron ás portas).

Confederación Intersindical Galega